



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

NÚMERO 2025/3

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO , O DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2025**

Srs./ Sras. Asistentes:

Sra. Alcaldesa-Presidenta:

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

Sres. Concelleiros:

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Don Jesús Romar Canosa (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Dona Marta M^a Mouzo Pose (PP)

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

Secretaría acumulada:

Rocío Hermida Cancela.

Interventora accidental:

Dona Emilia M^a García Maneiro

Na casa do Concello de Camariñas, sendo as 16:40 horas do **luns 24 de febreiro de 2025** en primeira convocatoria e baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dona Sandra Insua Rial, reúnen-se os Sres./Sras. Concelleiros/as relacionados, todos eles membros do Pleno, con fin de celebrar sesión extraordinaria, asistidos da Secretaría acumulada da sesión Rocío Hermida Cancela, de acordo co seguinte:

ORDE DO DIA

Único. Aprobación do orzamento do exercicio 2025.

Consta no expediente o ditame da **Comisión Especial de Contas do día 19 de febreiro de 2025** que a continuación se transcribe:

“DITAME

Co seguinte desglose de votacións:

Votos a favor:

0 GRUPO MIXTO - BNG

4 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra:

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Abstenciones:

- 1 GRUPO MIXTO - BNG
- 0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
- 2 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

A Comisión Especial de Contas do día 19 de febreiro de 2025 acordou a emisión do seguinte ditame:

ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2025

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o proxecto de orzamento Xeral para o exercicio 2025.

Vista a estrutura orzamentaria aprobada na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que no estado de ingresos recóllense previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no estado de gastos, os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles a Corporación, que se forma o orzamento con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que o mesmo atópase equilibrado cumprindo así co disposto no artigo 165 do TRLFL (Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo).

De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLFL e 90 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte

DITAME:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello, que ascende cos seguintes resúmenes:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - INGRESOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Total capítulo		1.780.260,76
1	IMPOSTOS DIRECTOS	€
Total capítulo		75.243,34 €
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	
Total capítulo		973.000,00 €
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	
Total capítulo		2.943.039,69 €
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	
Total capítulo		8.500,00 €
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	
Total capítulo		295.018,43 €
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
TOTAL		6.075.062,22 €



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA - GASTOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Total capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	2.138.833,02 €
Total capítulo 2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	3.273.989,33 €
Total capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	43.677,86 €
Total capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	106.313,23 €
Total capítulo 6	INVERSIONS REAIS	392.480,13 €
Total capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.000,00 €
Total capítulo 9	PASIVOS FINANCEIROS	117.704,88 €
TOTAL		6.073.998,45 €

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS - GASTOS		
TOTAL ORZAMENTO		IMPORTE
Área de gasto 1	SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	2.282.754,87 €
Área de gasto 2	ACTUACIONS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	1.146.510,33 €
Área de gasto 3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	1.155.931,04 €
Área de gasto 4	ACTUACIONS DE CARÁCTER ECONÓMICO	325.927,84 €
Área de gasto 9	ACTUACIONS DE CARÁCTER XERAL	1.001.461,63 €
Área de gasto 0	DEUDA PÚBLICA	161.382,74 €
TOTAL		6.073.998,45 €

SEGUNDO.- Anular o expediente de modificación de créditos 2/2025 mediante transferencia 01/2025 que se realizou no orzamento prorrogado, para recoller os premios de entroido, por ter previsto no orzamento que se vai a aprobar dito crédito, como crédito inicial.

TERCEIRO.- Declarar non dispoñible o créditos orzamentarios nas aplicacións que se relacionan a continuación, supeditado a confirmación das novas liquidacións da participación de tributos do Estado e da recadación efectiva dos ingresos patrimoniais. No momento que se reciba confirmación/ou ingreso efectivo do importe da participación e/ou dos ingresos patrimoniais, poderase proceder a liberar o crédito por ditas cuantías, sen necesidade de novo acordo plenario. As aplicacións que se ven afectadas por dita non dispoñibilidade son as seguintes:

- o 132/12003: 11.826,64 €



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- o 132/12100: 7.929,04 €
- o 132/12101: 7.188,16 €
- o 132/16000: 10.238,66 €
- o 1532/13000: 9.187,22 €
- o 1532/13002: 7.457,52 €
- o 1532/16000: 6.491,45 €
- o 163/13000: 9.187,22 €
- o 163/13002: 7.319,20 €
- o 163/16000: 6.437,50 €
- o 231/13000: 20.952,15 €
- o 231/13002: 12.987,90 €
- o 231/16000: 13.236,62 €
- o 1622/22700: 78.000 €
- o 338/48001: 24.200 €
- o 432/48000: 4.000 €
- o 439/48001: 2.000 €
- o 160/21300: 12.530,28 €
- o 161/21000: 16.740,74 €

CUARTO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ao público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

QUINTO.- O orzamento xeral considerarase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

SEXTO.- Do orzamento definitivamente aprobado remitirase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.

SÉTIMO.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral ó servizo deste Concello para o ano 2025, que ascende a 911.600,80 €. Como consecuencia da aprobación, dar traslado do acordo adoptado no Pleno ós departamentos afectados e publicalo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 103.bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Camariñas, mércores 19 de febreiro de 2025

A presidencia,

Asdo: FABIAN CANOSA PASANTES."

-----INTERVENCIÓNS/DEBATE-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que vamos aprobar o orzamento de 2025 que ascende a 6.075.418,58 euros, 227.600 mais que 2022 e no capítulo 1 de gasto de persoal ascende 2.282.817 un 37%, para mostra encaixe e turismo 260.000, para deportes 99000, cultura festas populares e festexos 234000, museos 47000, 65000 para limpeza e mantemento de edificios escolares inclúe a reconstrución da aula do conserxe no Ceip Areal, 14000 para centro saúde da Ponte do Porto, 666000 para servizos sociais case todo Saf, limpeza e desbroces 136000, en parques e xardíns 56000, mantemento e consumo alumeadado



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

publico 139000, cemiterio e tanatorio 28000, 71000 limpeza calles 381000 xestión residuos e sogama, 282000 abastecemento auga e control potabilidade, 216000 para obras de alcantarillado, 270000 para mantemento de vías públicas e 100000 para o museo dos naufraxios, e un presuposto prudente declarando non dispoñible 266000 euros a espera da liquidación dos tributos do estado que o ano pasado viñeron sobre xuño ademais presupostamos nos impostos soamente o padrón do 2024 sen ter en conta o aumento do 2025, é un presuposto marcadamente social, en canto as inversións as aprobadas no pleno anterior as obras do POS que enumera. Son cantidades redondeadas para que se veza que o gasto corrente é case o total dos 6 millóns de euros.

Intervén a Sra Mouzo Mas e di que destes presupostos segundo vos destaca o gasto social e inversións e o apoio as festas, pero despois de miralos e remiralos esto é moito fume vexo eu, pode quedar ben nos periódicos pero pouco mais, son uns presupostos decepcionantes e pouco ambiciosos, lamento que non teña un proxecto que reactive a economía do concello que estamos a punto de baixar dos 5000 habitantes que pode ser un golpe para Camariñas, esperemos que se aproben cada ano pero a verdade é que moito non vos esmerastes, falades de novas inversións e temos menos que no 2022 hai menos obras, o que definides como inversión é 100000 euros do museo dos naufraxios, non sei que proxecto tendes si o tendes si é viable ou non pero de habelo podería entrar nas subvencións do Galp imos votar en contra por falta de ilusión propostas e plan de inversión que atenda necesidades de todas as parroquias, vamos votar en contra porque na nosa opinión demostrades que non ides polo bo camiño, o informe de intervención reitera o que nos vimos pedindo continuamente que tendes que licitar servizos para correcta xestión de recursos, iades licitar o Saf, aldea madeira, todo palabras, servizos como enerxía eléctrica seguramente aforraría cartos para poder destinar a inversións

Sra alcaldesa: Ti eres consciente do que estás decindo eu penso que mira o Saf está licitado, perdoa, temos o Saf licitado e a enerxía eléctrica as únicas cousas que licitamos estás decindo que non, a enerxía eléctrica adherímonos a Fegamp, porque o Saf está licitado con Sociser Galicia ata xuño deste ano, estamos dentro do contrato, ti dis que non está licitado

Sra Mouzo Mas: Dixestes que ías licitar fai uns meses

Sra alcaldesa: Está licitado, como vas dicir que non licitamos, cando acabe o contrato

Sra Mouzo Mas: tomo nota logo, teño por desgracia mais motivos, non contastes con nos

Sra alcaldesa: Coma Rueda con Besteiro

Sra Mouzo Mas: Hoxe non importa o noso voto, nestes documentos hai partidas pouco detalladas, miles de euros en gastos de protocolo en diferentes apartados gasto diversos, outros gastos, outros servizos e así un largo etc incluídos decenas de miles de euros, os presupostos parece para cumprir o expediente da moito cante que un goberno con maioría absoluta está sen presupostos, un concello cunha débeda criminal sin proposta de futuro, tampouco incluístes demandas do programa electoral, non cumprides co voso programa como para atender as nosas demandas, hai dous obxectivos marcados como prioritarios no voso programa que tamén levamos nos e non aparece como creación de solo industrial e mellora da via de Camelle a Arou, destinades moitisimos cartos todos os anos a mostra do encaixe, creo que non vos dades conta que o que necesita camariñas son ideas novas, olvidadevos da casa man e o seu entorno, fonte barreira, vías comunicación mal estado ponte, xaviña camariñas, podía seguir e seguir pero reitero que botamos de menos uns



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

presupostos mais atractivos que recollan ideas dos demais grupos e serviran para cambiar a tendencia negativa que sigue este concello.

Sr Rodríguez Baña: os orzamentos que se queren aprobar afectan a vida cotián e futuro do noso concello, estes documentos que deberían ser unha ferramenta de progreso convertese nunha fonte de frustración e desconfianza cando non responde a necesidades reais da cidadanía, agradecemos que o Concello tivese a ben facer o orzamento como se debería facer sempre todos os anos, a pregunta é estamos empregando o diñeiro de forma responsable e xusta, prioridades correctas? Nesta ocasión critico as decisións que desvíanse do interese colectivo, en lugar de priorizar o gasto como servizos sociais, educación ou mantemento infraestruturas básicas se opta por obras faraónicas ou proxecto que pouco contribúen o ben común como arranxo da lonxa e gastos excesivos da mostra do encaixe, como concelleiro debo esixir planificación estratéxica que poña no centro as persoas para recuperación da economía. Os orzamentos non son so números deberían contar coa veciñanza, escoitando colectivos e asociacións e ser un reflexo das nosas prioridades como sociedade en base a isto propoñemos as seguintes emendas:

EMENDA (97.5 ROF)

- Retirada da partida da rehabilitación da lonxa esixindo a Portos de Galicia o mantemento e conservación do edificio.
- A dotación de partidas para crear areas de xogos xuvenís para que a nosa rapazada teña onde xogar en Ponte do Porto, Camelle e Camariñas; acondicionamento do parque infantil da escola infantil de Camelle único lugar de recreo onde poden xogar os nenos cando están na escola.
- Inclusión do superávit en partidas sociais coma atención os mais necesitados en auxilio social.

Sométese á votación a emenda formulada e resulta rexeitada/non aprobada polo seguinte resultado:

Votos a favor: 1

1 GRUPO MIXTO - BNG
GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 8

0 GRUPO MIXTO - BNG
8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 4

0 GRUPO MIXTO - BNG
0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA
4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Estado Emenda: Non Aprobada

Sra alcaldesa di que a partida do museo que tanto se fala ultimamente, o museo está, vai estar ubicado no mellor sitio do pueblo onde hai unha ruina que ano tras ano o chegar a camariñas o primerio que ves, propiedade da Xunta de Galicia para o cal pedimos unha concesión porque a xunta nunca fixo nada para mantelo. É un dos sitios mais queridos



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

pola cidadanía de camariñas por eso se solicitou a concesión da lonxa vella para transformala non nun museo dos naufraxios ia ser un auditorio do mar, non vale porque solo son cousas tasadas as que se poden facer nese edificio, o museo dos naufraxios despois de consultar nos deron idea de que sería o único que hai a día de hoxe en Galicia por eso esta agrupación consideramos super necesario que esa lonxa que está situada no mellor sitio de Camariñas, en situación ruínosa da Xunta de Galicia, si dei a miña palabra de que a lonxa ia ser museo dos naufraxios, recomendo que fales con Lolo de Zas que na última partida que puxo no POS íntegro 800.000 euros a gasto corrente.

Sr Rodríguez Baña: estás comparando cun Concello saneado.

Sra alcaldesa: pois mira si estivera saneado non poñas 800.000 euros para gasto corrente. A Paula volveu dicir que eses arreglos todos que dis, 666000 euros son de Saf dos cales, sabes canto tiña que pagar a xunta? todos porque é competencia dela, 280.000 euros que corresponden poñerme do saf,

Sra Mouzo Mas: O teu pai

Sra alcaldesa: Era mellor que fora teu que meu, ti eres de Pedro Sanchez senón vas ter que ir o paredón

Sra Mouzo Mas: Que conste en acta que teño que ir paredón

Sra alcaldesa: Que conste en acta que me está repetindo sempre que son filla de Pedro e son do rosquilleiro e de Lola

Sra Mouzo: Perdona dixen filla política

Sra alcaldesa: Mira Paula vouche contar 280.000 que me debe do Saf

Sra Mouzo Mas: o 50% que corresponde do estado non cumpre e ten unha débeda ca Xunta de 2500.000.000

Sra alcaldesa: Ti defendes a Xunta ou a Camariñas? Pois 280000 de saf, 65000 de limpeza de colexios que lle corresponden a Xunta, 14.000 de centro saúde Ponte do Porto que tamén lle corresponden a Xunta mais 100000 que me podía aforrar si vos tuvérades a lonxa arreglada

A Sra alcaldesa somete o asunto a votación.

-----VOTACIÓNS PROPOSTA ORZAMENTO MUNICIPAL-----

Votos a favor: 8

0 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 5

1 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado Proposta: Aprobada



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 17:00 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria acumulada da sesión, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria acumulada do Concello Rocío Hermida Cancela, co visto e praxe da Alcaldesa Sandra Insua Rial.